

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A CESIÓN TEMPORAL DE ESPAZOS E FACILIDADES PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO “WOMEX 2016 THE WORLD MUSIC EXPO”

En Santiago de Compostela, a 24 de maio de 2016

REUNIDAS

Dunha parte, INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.-Turismo de Santiago de Compostela (para o que segue, **INCOLSA**), medio propio do Concello de Santiago de Compostela, con CIF , con domicilio na , desta cidade, representada por don , na súa condición de , e de acordo coas facultades que lle confiren os vixentes estatutos de empresa.

E da outra, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, (en diante a **FUNDACIÓN**) con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do CIF G-15721640. Entidade representada neste acordo por dona Beatriz González Loroño, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación en data do 8 de outubro de 2010.

MANIFESTAN

I.-Que en outubro de 2014 celebrouse con grande éxito na Cidade da Cultura de Galicia o evento internacional Womex 2014, o cal contou co apoio tanto da FUNDACIÓN como de INCOLSA. O resultado daquela edición foi de indiscutible éxito tanto para a difusión da imaxe de Galicia e de Santiago de Compostela como para a proxección da Cidade da Cultura como un espazo único para servir de marco para eventos das industrias culturais de primeira orde mundial.

II.-Que o día 16 de xullo de 2015, INCOLSA e asinaron o contrato público de patrocinio e cesión de marca en virtude do cal a edición do ano 2016 do evento “WOMEX, THE WORLD MUSIC EXPO” vaise celebrar na cidade de Santiago de Compostela dos días 19 a 23 de outubro de 2016.

III.- Que tanto a FUNDACIÓN como INCOLSA comparten a percepción da importancia que a celebración desta nova edición do citado evento internacional ten para Santiago de Compostela e para Galicia, considerando ambas entidades que a Cidade da Cultura de Galicia é, sen lugar a dúbidas, o mellor espazo para servir de marco principal do “WOMEX 2016, THE WORLD MUSIC EXPO”.

IV.- En virtude do anterior, as partes manifestan o seu interese en que a FUNDACIÓN ceda os espazos e servizos precisos na Cidade da Cultura, para que esta poda ser sede do evento “WOMEX 2016, THE WORLD MUSIC EXPO”, cesión que se regulará de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente Convenio de Colaboración e a formalización dos compromisos entre as partes para que a Cidade da Cultura de Galicia sexa a sede do evento “WOMEX 2016, THE WORLD MUSIC EXPO”, facilitando ambas partes as xestións e accións necesarias para que o devandito evento internacional sexa un éxito.

Segundo.- En virtude dos compromisos adquiridos con INCOLSA, a empresa organizadora e titular dos dereitos sobre o evento, _____, está organizando a celebración do evento “WOMEX 2016, THE WORLD MUSIC EXPO” no mes de outubro de 2016 na cidade de Santiago de Compostela.

Terceiro.- A FUNDACIÓN, coñecedora da oportunidade que supón o citado evento para a difusión e promoción da imaxe internacional de Galicia como destino vinculado ás industrias culturais, ten interese en que as súas instalacións no Monte Gaiás de Santiago de Compostela se convertan en sede principal do “WOMEX 2016, THE WORLD MUSIC EXPO”.

Cuarto.- A FUNDACIÓN cede a título gratuito e con carácter temporal o uso dos espazos axeitados na Cidade da Cultura de Galicia para a celebración da feira profesional “WOMEX Trade Fair” que se organiza con motivo do “WOMEX 2016, The World Music Expo”; estes espazos están por determinar en función das necesidades do “Womex Trade Fair”, pero serán, cando menos, os seguintes:

Espazo	Periodo
Museo Centro Gaiás (espazos no Museo a determinar)	03.10.2016 – 03.11.2016
CINC (espazos no CINC a determinar)	03.10.2016 – 03.11.2016

Non obstante o anterior, e aínda que a cesión de espazos se produza a título gratuito, serán por conta da entidade organizadora todos os gastos nos que incorra esa entidade e as súas colaboradoras derivados de actividade propia (gastos de persoal, etc.) e da organización da feira profesional “WOMEX Trade Fair” na Cidade da Cultura de Galicia.

Quinto.-Igualmente, a FUNDACIÓN comprométese a fornecer as seguintes facilidades para así contribuír á boa execución do evento conforme a requirimentos que garantan a seguridade e outras obrigas legais:

Descrición	Detalle
Reforzo potencia eléctrica	Museo Centro Gaiás (CdC): 150.000W
Acceso á rede de alta velocidade	Museo Centro Gaiás (CdC)
Seguridade Privada Uniformada	Museo Centro Gaiás e CINC (CdC). Servizo básico segundo as condicións da Fundación.
Limpeza	Museo Gaiás e CINC (CdC). Servizo básico segundo as condicións da Fundación.

Nomeadamente, serán por conta da FUNDACIÓN os custos correspondentes á seguridade, limpeza e mantemento ordinarios das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (agás o seguro de responsabilidade civil ou o relativo aos bens mobles en depósito ou que se instalen, sobre os que cada titular dos mesmos terá a súa propia cobertura de seguro) e impostos que afecten ao inmovible. Serán por conta da empresa organizadora do “WOMEX 2016, THE WORLD MUSIC EXPO” os gastos derivados de servizos considerados extraordinarios de seguridade e control de accesos, limpeza e mantemento das instalacións, así como a posta a disposición de técnicos de mantemento que precisen. Neste caso, entenderanse como extraordinarios aqueles gastos de seguridade, limpeza e/ou mantemento que excedan das prestacións ordinarias prestadas con carácter xeral pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia, as cales serán comunicadas cunha antelación previa de tres meses pola FUNDACIÓN a INCOLSA. A FUNDACIÓN comprométese a fornecer as facilidades descritas e non cuantificadas, cando menos, coa mesma calidade e cantidade ás facilitadas na celebración da feira WOMEX 2014 nas mesmas instalacións.

Sexto.- Como consecuencia dos compromisos aquí adquiridos, e da colaboración fornecida en virtude do presente Convenio, a FUNDACIÓN terá dereito a figurar e ser mencionada, identificada co logotipo da súa imaxe corporativa, como entidade colaboradora do evento “WOMEX 2016, THE WORLD MUSIC EXPO” en todos os elementos de comunicación e difusión do citado evento.

Sétimo.- INCOLSA garante que o persoal ao seu servizo que faga uso do espazo cedido nas instalacións da FUNDACIÓN para a instalación dun stand informativo da cidade, respectará as normas de funcionamento das mesmas.

Oitavo.- A empresa organizadora () será responsable directa polos danos ou prexuízos que se deparen, tanto para as instalacións como para a FUNDACIÓN, como consecuencia das actividades que realice o persoal ao servizo daquela. Así mesmo, a empresa organizadora ten acreditado diante de INCOLSA ter subscrito un seguro de responsabilidade civil con cobertura dos danos e responsabilidades que se podan ocasionar na organización do evento, tanto nas persoas como nos edificios e instalacións.

E para que así conste, en proba de conformidade do aquí conveniado, asinan as partes por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola FUNDACIÓN
Beatriz González Loroño
Directora Xerente

Por INCOLSA